

## EGAP: PUBLICACIÓN EN DOG PLAN DE FORMACIÓN PARA O ANO 2023

Santiago de Compostela 29/12/2022

Publícase hoxe, en DOG, a [Resolución do 21 de decembro de 2022 pola que se publica o Plan de formación para o ano 2023](#), logo da súa aprobación polo Consello Reitor deste organismo autónomo en sesión do día 20 de decembro de 2022.

O Plan recolle as **actividades formativas dirixidas ao persoal ao servizo de:**

- Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Entidades públicas instrumentais.
- Administración institucional.
- Administración de xustiza de Galicia.
- Entidades locais de Galicia.
- Persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e Uvigo).

O plan contén as seguintes áreas:

- Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas.
- Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios.
- Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades.
- Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa.
- Plan de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.
- Lingua galega.
- Portal de idiomas.
- Plan formativo ofimático de Galicia.
- Plan formativo no marco do Instituto de Economía Pública de Galicia.

**Para acceder ás accións formativas recollidas neste plan, será preciso formalizar matrícula, despois de que se publiquen no DOG as correspondentes convocatorias.**

